



Miño, Outubro 2021



NOTA DE PRENSA

A Biblioteca municipal de Miño acolle a exposición itinerante sobre Manuel Rodríguez López

Lugo, 15 de outubro de 2021. Tivo lugar na Biblioteca municipal de Miño (A Coruña) a presentación da exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela. Ademais, presentouse o libro "Manuel Rodríguez López, 25 anos despois", que recolle traballos de 50 personaxes destacados da cultura galega sobre a figura de Manolo Rodríguez. No acto participaron Manuel Vázquez Faraldo, alcalde de Miño, Catalina Morado, concelleira de Cultura, Pura Galán, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Xulio Xiz, presidente do Colectivo Egeria.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emprendido polo Colectivo Egeria, GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística) e a a Real Academia Galega.

Esta exposición itinerante percorreu nos últimos 8 anos máis de 20.000 quilómetros, pasando por numerosas cidades e localidades galegas, visitou a Casa de Galicia en Madrid, as Universidades de Granada, Deusto e Estremadura e os Centros Galegos de Santander, Barcelona, Salamanca, León, Vitoria, Llodio, Las Palmas de Gran Canaria, Valladolid, Sevilla ou Pamplona, e chegou tamén a Portugal, concretamente ao Centro Galego de Lisboa e as Universidades do Minho (Braga) e Algarve (Faro).

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi ademais dun grande animador das actividades galegas nesta comunidade, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes en Cataluña.

Manuel Rodríguez López é tamén fillo predilecto do Concello de Paradela, e dá nome á Casa Municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se acaba de presentar a XXVII edición.

Máis información: www.manuelrodriguezlopez.org

COLECTIVO EGERIA
correo@colectivoegeria.org
C/Río Navia, 45 – 1º – CP 27004 – LUGO
+34 676 456 461

Notas de prensa

A Biblioteca municipal de Miño acolle a exposición itinerante sobre Manuel Rodríguez López

Tivo lugar na Biblioteca municipal de Miño (A Coruña) a presentación da exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradelo. Ademais, presentouse o libro "Manuel Rodríguez López, 25 anos despois", que recolle traballos de 50 personaxes destacados da cultura galega sobre a figura de Manolo Rodríguez.



No acto participaron Manuel Vázquez Faraldo, alcalde de Miño, Catalina Morado, concelleira de Cultura, Pura Galán, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Xulio Xiz, presidente do Colectivo Egeria.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ,

emprendido polo Colectivo Egeria, GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística) e a a Real Academia Galega.

Esta exposición itinerante percorreu nos últimos 8 anos máis de 20.000 quilómetros, pasando por numerosas cidades e localidades galegas, visitou a Casa de Galicia en Madrid, as Universidades de Granada, Deusto e Estremadura e os Centros Galegos de Santander, Barcelona, Salamanca, León, Vitoria, Llodio, Las Palmas de Gran Canaria, Valladolid, Sevilla ou Pamplona, e chegou tamén a Portugal, concretamente ao Centro Galego de Lisboa e as Universidades do Minho (Braga) e Algarve (Faro).

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi ademais dun grande animador das actividades galegas nesta comunidade, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes en Cataluña.

Manuel Rodríguez López é tamén fillo predilecto do Concello de Paradela, e dá nome á Casa Municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se acaba de presentar a XXVII edición.

Máis información: www.manuelrodriguezlopez.org

Colectivo Egeria, 2021-10-15

A Biblioteca municipal de Miño acolle a exposición itinerante sobre Manuel Rodríguez López



A BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MIÑO ACOLLE A EXPOSICIÓN ITINERANTE SOBRE MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

15 Outubro 2021

Tivo lugar na Biblioteca municipal de Miño (A Coruña) a presentación da exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela. Ademais, presentouse o libro "Manuel Rodríguez López, 25 anos despois", que recolle traballos de 50 personaxes destacados da cultura galega sobre a figura de Manolo Rodríguez. No acto participaron Manuel Vázquez Faraldo, alcalde de Miño, Catalina Morado, concelleira de Cultura, Pura Galán, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Xulio Xiz, presidente do Colectivo Egeria.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emprendido polo Colectivo Egeria, GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística) e a a Real Academia Galega.

Esta exposición itinerante percorreu nos últimos 8 anos máis de 20.000 quilómetros, pasando por numerosas cidades e localidades galegas, visitou a Casa de Galicia en Madrid, as Universidades de Granada, Deusto e Estremadura e os Centros Galegos de Santander, Barcelona, Salamanca, León, Vitoria, Llodio, Las Palmas de Gran Canaria, Valladolid, Sevilla ou Pamplona, e chegou tamén a

Portugal, concretamente ao Centro Galego de Lisboa e as Universidades do Minho (Braga) e Algarve (Faro).

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi ademais dun grande animador das actividades galegas nesta comunidade, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes en Cataluña.

Manuel Rodríguez López é tamén fillo predilecto do Concello de Paradela, e dá nome á Casa Municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se acaba de presentar a XXVII edición.

Máis información: www.manuelrodriguezlopez.org

La Biblioteca Municipal de Miño acoge la exposición itinerante sobre Manuel Rodríguez López



La Biblioteca Municipal de Miño acoge la exposición itinerante sobre Manuel Rodríguez López

15 Oct 21 Proyectos

Tuvo lugar en la Biblioteca Municipal de Miño (A Coruña) la presentación de la exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre la vida y obra del escritor de Paradela. Además, se presentó el libro "Manuel Rodríguez López, 25 anos despois", que recoge trabajos de 50 personajes destacados de la cultura gallega sobre la figura de Manolo Rodríguez. En dicho acto participaron Manuel Vázquez Faraldo, alcalde de Miño, Catalina Morado, concejala de Cultura, Pura Galán, en representación de la Secretaría Xeral de Política Lingüística, y Xulio Xiz, presidente del Colectivo Egeria.

La muestra forma parte del PROYECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emprendido por GaliciaDigital, el Colectivo Egeria y la familia del escritor, con el apoyo del Ayuntamiento de Paradela, la Diputación de Lugo, la Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística) y la Real Academia Galega.

Esta exposición itinerante ha recorrido en los últimos 8 años más de 20.000 kilómetros, pasando por numerosas ciudades y localidades gallegas, visitó la Casa

de Galicia en Madrid, las Universidades de Granada, Deusto y Extremadura y los Centros Gallegos de Santander, Barcelona, Salamanca, León, Vitoria, Llodio, Las Palmas de Gran Canaria, Valladolid, Sevilla o Pamplona, y llegó también a Portugal, concretamente al Centro Galego de Lisboa y las Universidades do Minho (Braga) y Algarve (Faro).

Está compuesta por ocho paneles dobles, en los que se refleja la vida y obra del escritor paradelense, considerado el mejor poeta obrero gallego del siglo XX, que escribió en Cataluña la mayor parte de su obra, y fue además de un gran animador de las actividades gallegas en esta comunidad, el vínculo perfecto entre Galicia y los gallegos emigrantes en Cataluña.

Manuel Rodríguez López es también hijo predilecto del Ayuntamiento de Paradela, y da nombre a la Casa Municipal de Cultura y a un Certamen Literario del que se está acaba de presentar la XXVII edición.

Más información: www.manuelrodriguezlopez.org



Concello de Miño

14 de outubro · 🌐

...

👉 O alcalde Manuel Vázquez Faraldo, e a edil de Cultura, Catalina Morado, visitaron hoxe, xoves 14 de outubro, a exposición sobre o poeta Manuel Rodríguez López no centro social de A Rúa.

👉 Durante a visita estiveron acompañados pola coordinadora provincial dos equipos de dinamización lingüística da [Xunta de Galicia](#), Pura Galán, e por Xulio Xiz, organizador e presidente do Colectivo Egeria.



